



**Día das
Letras 2017
para Carlos
Casares**



Páxina IV

**A Deputación
sinalizará o
Patrimonio
cultural dos
Ancares**



Páxina VII

**Editarán
libro do
fotógrafo
Carlos
Valcárcel**



Páxina XI

**A FEGAMP
quere que a
Xunta financie
Conservatorios
Municipais**



Páxina XIII

**Nova imaxe
gráfica do
Concello de
Ponteareas**



Páxina XIV

**Enrique Silva,
Presidente de
"Fundadores
da Bienal de
Cerveira"**



Páxina XV

**Suplemento
humorístico**



Páxina XXI



A música protagonista na Cidade de Tui

A fin de ano tudense non podía ter mellor valedor que a MÚSICA, así, con maiúscula, para resaltar os méritos e a calidade musical dos que fixeron posible que unha pequena cidade galega poida presentarse ao mundo como cidade musical, logo de poder facelo como cidade histórica, que chegou a ser capital de provincia noutros tempos, que xa se coñece como a cidade de pedra e que tivo un protagonismo moi destacado nas disputas dos Reis casteláns e seus fillos, ata rematar coa dependencia de Portugal da coroa de Castela.

Hoxe preséntase diante da sociedade musical co estreno dunha Orquestra Sinfónica, composta por 42 compoñentes; nacida das entrañas dun activo Conservatorio Municipal de Música e do labor silandeiro

pero firme e constante dos seus directivos e `profesores, dos que compre destacar ao director do centro Rubén López e ao profesor e agora director da orquestra Luís Caballero Varona.

Esta orquestra nace coa ilusión de asentarse entre as poucas orquestras sinfónicas existentes en Galicia. Composta por un alumnado xove pero xa virtuoso da música, nalgúns casos, que busca a súa polar musical entre as grandes orquestras sinfónicas. De seguro que a vai alcanzar en pouco tempo.

Este xornal ofrecerá, máis adiante, unha completa información sobre a nova Orquestra Sinfónica de Tui. Sirva esta breve nota como aperitivo do que prometemos ofrecer aos nosos lectores nun próximo futuro.

**Comida caseña.
Comida vegana.
Martes pechado.
R/ Río Camba, 1
663 61 52 56
OURENSE**

Bar Mesón SAS



BAR EL HUECO

**Ven a probar nuestros
desayunos y buenos pinchos
Rúa Coruña, 10 Galerías
Tfno 988 31 84 49
OURENSE**



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema




Unha débeda con Maruja Mallo

Galicia ten unha débeda coa xenial pintora Maruja Mallo (Viveiro, 1902-Madrid, 1995). Malia que naceu na Mariña Occidental, as súas lembranzas eran da Costa da Morte, porque viviu na súa neza en Corcubión cuns seus tíos. Nos anos 20 xurde como artista naquel Madrid da xeración do 27, canda Alberti, García Lorca ou Dalí e amosa unha obra orixinalísima inserida nos vangardismos da época. Mais nos primeiros 30 amplía estudos en París, incorporándose ao surrealismo e partillando con Breton e Éluard. No 1936 botou un verán enteiro na Galicia tirando ideas para o seu *Cuaderno de Galicia*. Exiliouse no 1937 e pasou a Chile, Arxentina e USA para se establecer en Madrid no 1965, nunha *cidade gris* que tanto contrastaba con aquela cidade brillante dos 20 e 30. Morreu na mesma cidade no 1995, despois de recibir o afecto, mais non o cabal entendemento, de moitos dos referentes daquela movida madrileña dos 80.

Galicia ficou á marxe de todo recoñecemento á obra de Maruja Mallo, unha das melloras pintoras do século XX a quen sen dúbida lle rebaixou coñecemento a súa condición feminina, o delongado exilio e unha personalidade independente que quizais fixo medrar á personaxe e minguar á artista. Hai, claro, excepcións (a exposición primeira do CGAC e a da Fundación Caixa Galicia, a exposición *Mulleres do silencio* comisariada por Rosario Sarmiento, o documental *Maruja Mallo, mitad ángel mitad marisco*, de Antón Reixa para TVE ou a biografía dos historiadores Carlos Nuevo Cal e Emilio Xosé Insua *Maruja Mallo, de prometedora pioneira a artista universal*).

Malia os moitos anos que viviu, a súa obra, cualitativamente moi importante e



Galicia ficou á marxe de todo recoñecemento á obra de Maruja Mallo, unha das melloras pintoras do século XX a quen sen dúbida lle rebaixou coñecemento a súa condición feminina

variada non é esaxerada cuantitativamente. Quere isto dicir que podería ser obxecto de exposicións temporais ou permanentes na Cidade da Cultura de Galicia, canda outros artistas senlleiros. Que mellor ca unha mostra da mellor arte deste País para encher de contidos unha obra tan desaquelada, mais que está aí e compre aproveitármola.

Maruja Mallo é parte da historia da arte europea e o seu nome ficou asociado de vez cos melloras do surrealismo do Vello Continente. Como ten dito Rosario Sarmiento foi unha muller que loitou dende todas as fronteiras pola súa liberdade, por ser unha auténtica artista do seu tempo por riba dos atrancos, os prexuízos do seu sexo ou a definición feminina...



O FARELO

desexa un feliz 2017
aos seus lectores e lectoras

Por: Guillermo Rodríguez

Director



A Fariña e O Farelo desta nosa sociedade

A nos ha tivemos a honra de dirixir unha publicación que se chamaba A PENEIRA. Publicación que acadou importantes cotas de notoriedade no mundo informativo galego, en galego, claro. Hoxe pode lerse na Buiblioteca Nacional Galega sita no Monte Gaiás. Alí está a disposición de quen queira reler as súas páxinas a carón doutra publicación histórica, A NOSA TERRA. Curiosamente son as dúas únicas publicacións a disposición do público que non son xornais diarios. Aquela publicación primixenia ofrecía aos lectores outros complementos que tamén acadaron altas cotas de interese informativo. Refírome ao Suplemento Cultural KALAIKIA e ao Suplemento de Humor O FARELO. Ámbolos dous dirixidos por xornalistas profesionais e competentes aos que quero dende aquí render o meu tributo a marxe doutras consideracións que non veñen a conto: o cortés cortés non quita o Valente. Que así sexa.

O espírito de A PENEIRA, ademais de confirmar que xa nos anos oitenta, existían lectores de xornais en galego, era o de “peneirar” o acontecer daqueles momentos. Así o fixo nos seus case 30 anos de vida. En paralelo a esta pretensión corría o Suplemento de Humor O FARELO. Aquí debo recoñecer e agradecer a sempre amable e xenerosa disposición de tantos e tantos humoristas galegos e aínda doutros países, sobre todo cubanos e portugueses, que nos ofreceron mes a mes a súa visión crítica do mundo. Un mundo que pretendíamos mellorar “pasándoo pola Peneira” e mostrando aos nosos lectores, ademais, “o farelo”; ese outro compoñente do noso millo (produto emblemático da Terra Nosa) ao que se aparta porque estropearía o auténtico pan de millo. Ese farelo que segue presente na sociedade actual e que se nos pretende “vender” coma boa fariña.

Está claro que, a pesares dos nosos propósitos, A PENEIRA non deu feito o inmenso traballo que lle tiñamos enco-

mendado. Tivo que retirarse na espera de mellores tempos, tal vez; pero aquel espírito rebelde que lle deu vida non desapareceu. Hoxe botamos man de O

peñadas en agrandar os buratos da Peneira social para que pasen inxentes montañas de farelo que nos queren facer colar como se foran fariña, como

un dobre traballo: peneirar e apartar o farelo social. Peneirar e denunciar tantos “chourizos” colgados das nosas vidas como lapas que non nos deixan respirar. Que nos teñen afogados en débedas provocadas por eles mesmos; que seguen actuando como samesugas insaciables que non paran en barras aínda vendo como destrúen este mundo xa de por sí moi tocado.

O FARELO nace para desempeñar un dobre traballo: peneirar e apartar o farelo social. Peneirar e denunciar tantos “chourizos” colgados das nosas vidas como lapas que non nos deixan respirar

Aí estaremos contando coa axuda, coma sempre, cos articulistas e comentaristas, cos nosos amigos humoristas, aos que xa dende este momento quero render pleitesía polo que están facendo, polo que nos axudaron a facer e polo que, iso contamos, estou seguro que nos van axudar a seguir facendo. Sen eles, sen a súa xenerosidade, está claro que nada poderemos facer. Eles sábeno, nós sabémolo e nesa complicidade sana espero que poidamos encontrarnos.

Axúdenos a separar a fariña do farelo porque cada día que pasa o noso pan está cada vez máis adulterado.

Sáudos e seguimos na loita.



FARELO coa sá intención de mostrarle aos nosos lectores que segue sendo necesario, eu diría que urgente, separar a fariña do farelo. Hai capas sociais em-

se fora oleo; esa fariña fina que se apartaba nos muiños para facerlle papas aos nenos da teta cando comenzaban a comer. O FARELO nace para desempeñar

EMT
ESMETUY E.L.

ESTRUCTURAS METÁLICAS

TEL: 986 60 70 39 POLIG. OS VIVEIROS, PARC.1
FAX: 986 60 39 44 GUILLAREI - 36720 TUI
MÓVIL 606 96 87 11 PONTEVEDRA
administracion@esmetuy.es

Cervecería Zéntral

BUGUS Zéntral

BUGUS CERVECEER BUGUS

TLF: 986 18 49 96 - R/ MANUEL ÁLVAREZ Nº2 - A GUARDA

Opinión

Por Ramón Coira Luaces

Carlos Casares Mouriño, escritor e crítico literario, naceu en Ourense en 1941, no seo dunha familia de clase media. Con tres anos trasládase a Xinzo de Limia, onde o seu pai exerce como mestre. Estudou Humanidades no Seminario de Ourense, onde viviu unha forte represión lingüística que o deixaría marcado e que despertou o seu espírito inconformista. Coñeceu a Vicente Risco, ao gañar o primeiro premio dun concurso provincial de contos de nadal, e tratouno, asistindo á tertulia do

A RAG adícalle o Día das Letras Galegas de 2017, polo que é un bo momento para ler algo máis deste autor

café Parque. Entre os anos 1961 e 67, estudou en Santiago de Compostela Filosofía e Letras. Coñeceu a Ramón Piñeiro, que exerce unha grande influencia sobre el, participando Carlos tamén do labor cultural galeguista e antifranquista, porque a nosa lingua e cultura estaban no bando perdedor da Guerra Civil e o réxime franquista sempre lles foi hostil. Ademais formou parte da Asociación Democrática de Estudantes e do Frente de Liberación Popular, onde descubriu o marxismo e sentiuse marxista.

En 1867 publica en Galaxia a súa primeira

obra: *Vento ferido*. Rematada a carreira, comeza a traballar en 1969 como profesor auxiliar en Viana do Bolo no Colexio Libre Asociado, ano no que publica a novela vangardista, *Cambio en tres*. Entrou en conflito coa dirección do colexio de Viana por realizar actividades que non gostaban ao Réxime e foille prohibido o exercicio da docencia en toda Galiza. Traballou un breve período como profesor en Bilbao. E, por encargo de Ramón Piñeiro, traballou nunha edición crítica de *Aires da Miña Terra* de Curros Enríquez. En 1971 coñece no tren a Karin Anna Kristina, unha rapaza de Suecia, coa que casa ese mesmo ano, coa que ten dous fillos e coa que convive ata a fin dos seus días. Deste xeito, Carlos viaxa frecuentemente a Suecia e coñece de primeira man unha sociedade democrática, aberta e avanzada. En 1974 preséntase ás oposicións de profesor de Lingua e Literatura Española, aproba e consegue praza no Instituto de Cangas, sendo expedientado ao pouco tempo, xunto con Méndez Ferrín, Alonso Montero e Francisco Rodríguez. Coa obra *Xoguetes para un tempo prohibido* gaña o Premio Galaxia que conmemora o 25 aniversario da editorial e o Premio da Crítica Española 1976. Isto, xunto cos estudos realizados sobre Otero Pedrayo e Curros levárono en 1978 a ingresar na Real Academia Galega, a proposta de Domingo García-Sabel, Ramón Piñeiro e Marino

Carlos Casares

Dónega Rozas. Publica *Os escuros soños de Clío* (1979), Premio da Crítica de Galicia 1980, e *Ilustrísima* (1980). Asinou un manifesto reclamando un Estatuto de Autonomía parello ao catalán e vasco e participou xunto con Ramón Piñeiro nas eleccións galegas, sendo elixidos ambos os dous como deputados independentes na lista do PSdeG-PSOE en 1982. O seu labor centrouse na aprobación da Lei de Normalización Lingüís-

tica -a iniciativa de Camilo Nogueira- e outros asuntos relacionados coa cultura galega. Non se

volveu presentar e adicouse ao traballo cultural, chegando a presidir o Consello da Cultura Galega, a dirixir a editorial Galaxia e a revista Grial. Publica tamén *Os mortos daquel verán* (1987), Premio Losada Diéguez, *Deus sentado nun sillón azul* (1996), *Un país de palabras* (1998), Premio da Crítica Galega de 1999 e, postumamente, *O sol do verán* (2002). Tamén quero destacar que traduciu ao galego *O principinho* de Saint-Exupéry (1972) e *O vello e o mar* de Hemingway (1998) e que escribiu dous clásicos da literatura infantil: *A galiña azul* (1968) e *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973). A finais dos 90 foi presidente do PEN Club de Galicia e viaxou polo estranxeiro participando en numerosos congresos e encontros. Fixo colaboracións en "La Voz de Galicia", recopiladas nun libro e nas que conta pequenas e curiosas anécdotas. Obtivo tamén o Premio Xunta de Galicia á Creación Literaria (1989) e o 1º Premio Otero Pedrayo das deputacións galegas. Faleceu dunha crise cardíaca en Nigrán no 2002. Teño que dicir que escribiu e traduciu aínda máis e eu só recollín o que me pareceu máis representativo.

A RAG adícalle oportunamente o Día das Letras Galegas de 2017, polo que este ano é un bo momento para ler algo máis deste autor e celebrar a principal festa da nosa cultura, apoiando tanto a escritores e escritoras como ás editoriais...



Por Eduardo Maragoto

presidente da Asociación Galega da Língua (AGAL)

Necesitamos institucións comuns

As institucións som fundamentais para a normalización lingüística e sería un erro desprezalas como agentes galeguizadores. A comparación da situación da lingua na Galiza (onde parece inegable que o galego continua a perder forza social) com a relativa progressión do basco e do catalán nas comunidades autónomas que os amparam dá para perceber que, para além de sociedades máis resistentes ao abandono da lingua, nestes territorios tem havido unha colaboración eficaz dos colectivos cívicos e das institucións. Esta colaboración revelou-se imprescindível para que as propostas da sociedade organizada em prol do idioma acabassem por ser sentidas como parte de unha obra colectiva por grande parte do povo basco ou catalán. Sem aprofundar muito, o ensino ou os meios de comunicação públicos fôrom fundamentais para tirar as línguas próprias da situação de extrema vulnerabilidade em que se encontravam até a década de 80.

Na Galiza as instituições estão longe de cumprir o papel das suas análogas basca e catalá, mas é evidente que a ruptura intergeracional da transmissão do galego seria mais acentuada sem unha autonomia que nom pudesse aplicar políticas de galeguiza-

ção do ensino ou que nom pudesse aspirar a ser governada por forças políticas que desejam aplicar políticas mais decididas neste sentido. Nenguma instituição pode proteger a cultura própria como um Estado, mas, à falta deste, as experiências catalá e basca demonstram que certos instrumentos, como o ensino, o Parlamento e a televisom ou a rádio regionais, podem ser mui úteis se orientados por maos hábeis.

Existem na Galiza instituições vitais para o futuro do idioma a que ainda se presta pouca atenção. Refiro-me a instituições comuns com Portugal no âmbito da Eurorregião, como o Eixo Atlântico, que poderiam trabalhar eficazmente por preservar e fortalecer os contactos galego-portugueses. As relações com o outro lado do Minho som assumidas como vitais polo conjunto do movimento normalizador do idioma, mas

tardárom muito em contar com umha institucionalização que as avalizasse. Porém, timidamente, os anseios de irmandade luso-galaica que acompanham a reivindicação do idioma desde o século XIX, com-

‘O Farelo’ tem muito a dizer para um espaço comum que vaia significando e dotando de sentido a Eurorregião. Bem-vindo!

meçam a dar passos à procura dessa institucionalização. Ela é vital, como prova o facto de que apesar de a sua aplicação nom contar com grande entusiasmo institucional, a mera aprovação da *Lei de Aproveitamento dos Vínculos com a Lusofonia* já provocou a multiplicação da presença do português no ensino, a tímida presença de conteúdos culturais portugueses na TVG e galegos na RTP, a entrada do Conselho da Cultura Galega como órgão consultivo da CPLP e a incorporação do Concelho de Santiago de Compostela na UCCLA, a união de cidades capitais de língua portuguesa.

Por ocasião do lançamento do livro A

Imagem da Galiza em Portugal (Através Editora), o autor Carlos Pazos-Justo comentava

na EOI de Compostela que um elemento fundamental para que assentasse no imaginário coletivo desse país umha ideia de comunidade afim Galiza-Norte de Portugal foi a progressiva institucionalização da Eurorregião. Pareceu-me interessante que isto acontecesse apesar de a incidência e funções desta figura serem ainda desconhecidas pola maioria da população galego-portuguesa. No entanto, a sua simples existência terá tido mais influência na construção dessa imagem que milhares de mensagens emitidas por muitos galeguistas que cruzam a fronteira afirmando a irmandade dos dous povos e mesmo rejeitando que lhes falem castelhano. Parece-me um bom exemplo de como, sendo importante a constância da sociedade civil no impulso de qualquer ideia, esta também necessita do reforço institucional para alcançar a maioria social e preservar-se no tempo.

Como outros projetos jornalísticos surgidos no Condado nas últimas décadas, acho que *O Farelo* tem muito a dizer na alimentação de um espaço comum que vaia significando e dotando de sentido a Eurorregião. Bem-vindo!



Por Xosé Manuel Fernández

O "sobrepeso" que nos cargaban por mercar material electrónico ou informático susceptible de reproducir (gravar, copiar) será de novo unha realidade no 2017. Ese canon servía para compensar aos autores polo prexuízo que supoñía o uso en masa e incluso abusivo da excepción ao dereito de autor por "copia privada" que permite a LPI. Con este sistema asumían o custe as empresas comercializadoras pero claro, endosábano ao consumidor final. E claro, acababan pagando xustos por pecadores, asumían tamén o sobrepeso os que non facían copia de obra de autor.

No 2011 (tras a sentenza do Caso Padawan) foi declarado nulo polo TSJE porque se consideraba que non era acorde á normativa comunitaria, gravaba indiscriminadamente a todos os consumidores (fixesen ou non copia de obra de autor) e entendíase que persoas xurídicas e Administracións non usaban os dispositivos para facer copia privada, tendo en consecuencia que estar exen-

Madrid ultima un acordo que suporá volver ao canon con excepcións que permitan encadrarlo na normativa europea

tos do pago dese canon.

Chegados a este punto, no 2012 o goberno do PP decidiu "cortar polo san" e habilitar unha partida nos Presupostos do Estado para pagar ás entidades de xestión colectiva a "compensación por copia privada" que lle corresponde aos autores por Lei. Con este novo modelo de financiamento pasaban a sufragar o custe "todos os contribuíntes" do Estado e a inxustiza seguía porque moitos deles non facían uso da copia privada cos aparellos e dispositivos que mercaban.

Con este panorama, e tendo en conta que con este sistema as entidades de xestión colectiva recadaban bastante menos para repartir entre os autores por este concepto, estas opuxéronse vía xudicial. En novembro deste ano o Tribunal Supremo dáballes a razón e "botaba abaixo" o actual sistema de recadación

Volve o 'Canon dixital'



para compensar aos autores fallando que non era acorde tampouco á normativa comunitaria.

Por todo o anterior o Ministerio de Cultura xunto coas Entidades de Xestión Colectiva de Dereitos de Autor ultiman un acordo que suporá volver ao tan odiado "Canon Dixital" aínda que con excepcións e matizacións que permitan encadrarlo na normativa europea de superior xerarquía. Entre as posibles matizacións contemplárase que Empresas e Administracións podan pedir a devolución do mesmo acreditando que non se usan os soportes e aparellos de reprodución para facer "copia privada". A ver que nova normativa reguladora nos espera...

Xosé Manuel Fernández
Consultor e formador especialista en Propiedade Intelectual

Por Roberto Carlos Mirás

Explorando novos horizontes

"Pois que son as estrelas sen asteriscos que apuntan á vida humana?" Quizaves estas verbas de Emily Dickinson nos fagan achegarnos ós nosos protagonistas. Tra-la publicación de "La vida después de la muerte. Aventuras del Más Allá" de Ignacio Darnaude Rojas-Marcos até "El desafío extraterrestre en el siglo XXI" do mesmo autor en Editorial Círculo Rojo da man de Alberto Cerezuola (La Cara Oculta de Almería, Almería 1982) foron moitos os temas que xurdiron e que se venden nas distintas librerías españolas. Quizaves teña razón o escritor francés e Premio Nobel de Literatura André Gidé cando dixo aquilo de "Non debe de confundirse a búsqueda da verdade coa necesidade de crer".

Moisés Garrido - Claudia Madrid Moctezuma

Tras colaborar en distintos medios de comunicación tanto radiofónicos como de prensa escrita era hora de que os nosos autores deran a coñecer nun só volume unha serie de temas. Levan anos interesándose por unhas temáticas as cales foron bautizadas con distintos nomes. E é agora cando en "Explorando novos horizontes- V. I e "Credo Quia Absurdum La religión, la Iglesia

y los místicos a examen" fan destas dúas obras uns traballos complementarios. Estamos ante dúas obras con dous puntos de vista diferentes, aínda que son como decimos complementarios. Referímonos a maneira de enfocalos. Son dous viaxes no tempo que todos deberíamos facer indo a memoria e lembrándonos duns feitos que agora co material na man son Historia. Parécenos estar ante unha axenda que estos autores leván consigo onde se ve a curiosidade que como dixo o clásico nunca debemos perder.

¿Viaxe no tempo?

Os autores abarcan nos mesmos distintas temáticas e vemos un profundo coñecemento que para que o lector teña mais coñecemento e amplitude ponén unha serie de títulos adicionais ou bibliografía ao final do mesmo. Son cuatrocenas paxinas - falamos de Horizontes-, que temos nas maos e imos desglosando capítulo tras capítulo e un sinfín de datos con citas, que son contadas de unha maneira amena e accesible. Se ha escrito moito sobre Xesus de Nazaret e Pablo de Tarso e cando damos a coñecer

estos traballos acaba de salir precisamente unha novela tocando dunha maneira diferente este mesmo tema. Falamos de "Año 303. Inventan o cristianismo" de Fernando Conde Torrens en donde a través de setecenas paxinas e a modo de novela o autor aporta probas documentales irrefutables, presentes nos propios textos do Evangelio de Marcos, e de Mateo" Como o mesmo Conde di "poder traducir latín, griego koiné e hebreo bíblico permite acceder aos escritos no se idioma orixinal" Agora según Moisés "O verdadeiro impulsor do cristianismo foi Pablo de Tarso. Sin él o cristianismo non se houbera extendido por o mediterráneo" Ao que añade: "Habendo quedado relegado a unha das moitas sectas escatológicas onde polulaban por a Palestina do século I" Tamen nos recorda como un xoven Garrido leu todo o que encontrou sobre espiritismo un dos capítulos de Explorando Novos Horizontes".

Algo enriquecedor

Desde a Ciencia, a Arte e a Filosofía ate a Antropoloxía oa curiosidade vemos un

todo e artigos ate chegaríamos a pensar que teñen as mesmas páxinas e dan unha importancia a todos -os temas na súa xusta medida. Na súa lectura apreciamos verbas ou frases ou temas que sempre han estado ahí coas súas interrogantes e coas súas respostas e sobre todo deixando que o lector tome a súa última palabra. En cada momento da historia os temas se tratan dunha maneira diferente a como serían tratados actualmente. E moi coñecido o interese dos autores en abrir portas e non cerralas. E iso se percibe nas súas paxinas centrais ao recordarnos nomes como Carl Sagan e a súa "Unha Vida no Cosmos" entre outros. No hay temas de Ovnis o de Parapsicología, non hai periodismo de investigación nin de misterio, hai temas que tenemos que tratar con ética e honestidade e estos traballos, dietarios o volúmenes son claro unha mostra de elo. E a súa portada e un claro exemplo, tender unha man entre Claudia Madrid Moctezuma, Moisés Garrido e os lectores. www.editorialguanteblanco.com

Audiovisual

Redacción LUGO



■ Gravación de Darío Campos Conde

Maiores da Pontenova gravan os seus recordos a través do proxecto Memoria Dixital

O presidente da Fundación para o desenvolvemento das Tecnoloxías e a Comunicación (TIC) da Deputación, Darío Campos Conde, participou xunto a dúas decenas de veciños no Banco de Recordos *Memoria Dixital Lugo* que tivo lugar na Oficina de Turismo do Concello da Pontenova. Este proxecto desenvólvese no marco do programa de “Promoción da Autonomía Persoal dos Maiores da Provincia”, dotado con 175.000 euros, e que xestiona a Fundación TIC da Deputación. Campos Conde subliñou que “as novas tecnoloxías son unha ferramenta moi útil para mellorar a calidade de vida dos maiores nunha provincia como a nosa, cunha poboación envellecida e dispersa. De aí a importancia do traballo da TIC coa alfabetización dixital dos maiores. Dende a Deputación, ampliamos a todos os lucenses o banco de recordos para que formen parte do arquivo da nosa provincia”. Os participantes rela-

taron a profunda tradición que o Concello garda cos oficios tradicionais como os anticuarios e a ebanistería, e como era vida no municipio cando este tiña tren, cine, ou as impresións cando chegaron as súas vidas inventos como a televisión e a radio, que cambiaron as costumes dos veciños da Pontenova. No último trimestre de 2016 a TIC estase a desprazar por toda a provincia para impartir 15 obradoiros sobre o uso do móbil coa finalidade de gravar recordos dos lucenses participantes que formarán parte do arquivo *Memoria Dixital Lugo*. Este é un programa pioneiro na provincia de Lugo, especialmente dirixido aos maiores, pero aberto a todos os lucenses interesados en contar os seus testemuños. *Memoria Dixital Lugo* inclúe vídeos, audios, fotografías antigas e diversos documentos que axudarán a coñecer mellor a historia recente da provincia, especialmente a da primeira metade do século XX.



■ Un momento na rodaxe interior

Estudantes de Becerreá rodaron unha curta sobre o Camiño de Santiago

A Fundación TIC da Deputación colabora co IES de Becerreá na rodaxe dunha curta sobre o Camiño de Santiago ao seu paso por este Concello dos Ancares. Os alumnos e alumnas de 2º de Realización da Escola de Imaxe e Son, coa supervisión dun docente, gravaron o audiovisual, que é un proxecto dos estudantes de 3º de ESO do instituto becerrense. Esta colaboración cumpre un dobre obxectivo: por unha banda, achegar a cultura audiovisual aos centros educativos de primaria e secundaria da provincia e, por outra, que o alumnado da Escola da TIC poña en práctica nun escenario real os seus coñecementos. A rodaxe desenvolveuse en espazos naturais como o parque de Becerreá e as contornas das igrexas de San Cosme de Ouselle e do Santo, e en interiores como o despacho do instituto. A curta terá unha dura-

ción duns 12 minutos.

Os estudantes de 3º de ESO do IES de Becerreá elaboraron o guión orixinal, inspirado na serie “El Ministerio del Tiempo” de TVE, sobre o Camiño de Santiago en Becerreá, encargáronse do story board e da preproducción. Na preparación da curta colaboraron os departamentos de Xeografía e Historia, Relixión, Francés e Educación Física do centro ancarés. A TIC mantivo unha colaboración similar co CPI Doutor Daniel Monje de Navia de Suarna. Naquela ocasión a curta era unha recreación da obra de Agatha Christie “Asasinato no Orient Express”, adaptada ao contexto de Navia. O proxecto nacera como unha actividade de mellora de comprensión lectora das materias de linguas ampliada logo de que os alumnos deste centro participasen nun curso de audiovisuais.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Carlos Barros González

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – **PORTUGAL:** Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Alvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Producións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Félix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

O FARELO

Xornal Cultural
para o Lecer

Redacción LUGO

A Deputación sinalizará o patrimonio cultural dos Ancares

Darío Campos, presidente da Deputación, presidiu en Cervantes, xunto á deputada de Medio Ambiente, Sonsoles López Izquierdo, a reunión dos órganos de xestión da Reserva da Biosfera dos Ancares. Decidiuse que o primeiro proxecto que poñerá en marcha a Deputación o vindeiro ano será a sinalización do patrimonio histórico e cultural incluído na reserva. Trátase dunha iniciativa acordada na anterior reunión deste órgano o pasado mes de outubro, a proposta do colectivo Patrimonio dos Ancares, e que estará financiada na súa totalidade polo organismo provincial. O proxecto de sinalización permitirá a posta en valor dos recursos patrimoniais dos municipios dos Ancares, aumentando a súa visibilidade e difusión. Así, no Concello de Becerreá sinalizaranse o dolmen de Vilouta, o castro de Cantiz, as igrexas de Penamaior e San Pedro de Cadoalla e as pontes de Gatín e de Cruzul. No que fai ao Concello de Cervantes, instalaranse indicadores na necrópole megalítica da Pena dos Mouros, nos petróglifos de Campa do Barreiro, no castro de Santa María, no Castelo de Doiras, no Pazo de Quindous e na igrexa de Donís. Finalmente, no Concello de Navia sinalizaranse a mámoa de Ferreirúas, a ponte e o castelo da Pobra de Navia e os castros de Cantón, Cabanela e Pin. A sinalización efectuarase seguindo o manual de sinalética da Rede Española de Reservas da Biosfera e completarase coa realización de material divulgativo. Tamén se fixo oficial a incorporación de cinco novos colectivos ao órgano de participación: a Asociación de Mulleres Rurais Leticia de Navia, a ANPA CPI de Cervantes, a Asociación de Mulleres Alecrín de Cervantes, a ANPA CEIP San Xoán de Becerreá e a asociación Patrimonio dos Ancares. Estes cinco colectivos súmanse aos catorce membros que xa integraban, xunto coa Deputación, o ór-



■ Órganos de xestión da Reserva da Biosfera dos Ancares, en Cervantes.

gano de participación. O presidente, Darío Campos, subliñou a importancia do modelo de xestión participativa da Reserva da Biosfera dos Ancares, “que lle permite á poboación local ter voz e voto na xestión do seu territorio” e valorou a incorporación dos novos colectivos sociais, “xa que son os gran coñecedores das necesidades do seu medio”.

Máis actividades

Ademais do proxecto de sinalización, durante a reunión da Reserva da Biosfera

tamén se presentou a programación de actividades para o primeiro trimestre de 2017. Trátase de accións de carácter gratuíto, dirixidas a todas as idades, coas que dar a coñecer a riqueza natural e as posibilidades económicas da zona (obradoiros, roteiros, xornadas sobre árbores froiteiras, apicultura, micoloxía e cursos para nenos, entre outros). Asemade, realizaranse actividades para os alumnos dos colexios da montaña, traballos de desbroza, recuperación de novas rutas de sendeirismo e ofrecerase asesoramento gratuíto para a creación ou reconversión de empresas na zona.

Reservas da Biosfera

As Reservas da Biosfera son áreas de ecosistemas terrestres, costeiros ou mariños nas que se promove a investigación, a educación ambiental e a sensibilización cidadá. As Reservas, promovidas pola Unesco, conxugan a conservación dos recursos naturais co desenvolvemento económico e social das comunidades locais. En Galicia existen seis reservas, das que dúas se atopan na provincia lucense, Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

“As miñas fillas devolvéronme a vida”, de Inés Fdez. Lamela

Na Deputación de Lugo presentouse o libro *As miñas fillas devolvéronme a vida*, publicación de Inés Fernández Lamela que afonda e narra a súa propia experiencia como vítima de violencia de xénero. Na presentación participaron Álvaro Santos Ramos, deputado de Igualdade, Ana González Abelleira, concelleira luguesa de Benestar Social e Belén Regueiro Burgo pedagoga da Casa da Muller. Álvaro Santos Ramos destacou que “a violencia de xénero constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres. Isto reflexa unha mostra de desigualdade entre xéneros moi clara. É un problema que traspasa fronteiras e se atopa na maior parte dos países do mundo”. Neste senso, Santos Ramos subliñou que durante este ano son xa 40 as mulleres asasinadas a mans das súas parellas; e nos últimos 10 anos, a cifra supera as 700. Ana Abelleira fixo fincapé “na necesidade de que toda a sociedade tome conciencia da lacra social que supón a violencia de xé-



■ Presentación do libro no salón de actos da Deputación de Lugo

nero, e este libro é un bo exemplo para facelo”, ao tempo que lembrou que Lugo asinou no ano 2015 o Pacto cidadán por un Lugo libre de violencia de xénero. Esta é unha publicación en primeira persoa, na que a autora, Inés Fernández, narra a súa propia historia vivida durante 29 anos como muller maltratada, tanto física como psicolóxicamente, a mans do seu marido. De feito, a autora reivindica xa no propio título do seu libro a importancia das súas fillas á hora de denunciar ao maltratador pois “grazas a elas estou viva e loito cada día por ter un sorriso na cara”, afirma Inés Fernández. Aos seus 53 anos, a autora recalca a necesidade de elaborara protocolos de actuación máis axeitados á realidade actual pois aínda son moitas as mulleres que deciden non contalo por medo; de concienciar á sociedade actual sobre a violencia de xénero, sobre todo nas xeracións de mozos; e que a súa experiencia sirva de punto de partida a moitas outras mulleres que se atopen en situacións semellantes.

Audiovisual

Redacción O FARELO



■ O acto celebrouse na Deputación de A Coruña

Convocados os Premios María Luz Morales de investigación audiovisual

A Academia Galega do Audiovisual convoca os premios María Luz Morales para promover a investigación científica no ámbito audiovisual. Desde esta primeira edición, estes premios contarán con catro modalidades que atenderán traballos de videoensaio e ensaio escrito, de ámbito galego e internacional. Nesta iniciativa, a primeira destas características en Galicia, participan as catro deputacións galegas. No acto de convocatoria participaron os responsábeis das áreas de Cultura das Deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo, Goretti Sanmartín, Xosé Leal e Pilar García, o concelleiro de Cultura da Coruña, José Manuel Sande e o presidente e a tesoureira da Academia Galega do Audiovisual, Carlos Ares e María Yáñez.

Na súa intervención, Carlos Ares, que deu grazas ás catro Deputacións por responder á chamada de colaboración da Academia, sinalou que os novos premios eran un “empeño da directiva” pola súa relevancia e pola súa capacidade de relacionar o sector coa sociedade. Para María Yáñez, persoa da directiva que coordina os premios, a convocatoria responde á necesidade “de mirar para esa outra parte do audiovisual e visibilizar a investigación que se está a desenvolver por parte de moita xente que dá moito sen recibir case nada a cambio”. Destacou tamén que as bases recollen catro modalidades de traballos, en soporte de ensaio escrito e videoensaio e para audiovisual galego e

internacional. “Quixemos aproveitar tamén a propia linguaxe audiovisual para investigar e divulgar”, anotou ao tempo que agardou unha participación elevada para confirmar “a hipótese de partida de que hai moitas persoas investigando”.

Lugo

Por parte da representación institucional participante na presentación, a deputada de Cultura de Lugo agradeceu o convite e valorou de maneira especial a “cooperación entre distintas institucións” e mostrou orgullo de colaborar nunha iniciativa que leva o nome dunha “muller, galeguista e exemplo da defensa dos dereitos das mulleres”. Na mesma liña manifestouse Xosé Leal que valorou a necesidade dos premios xa que “se Galicia é unha potencia no audiovisual é por proxectos coma este, que promoven sinerxias que demostran que se poden desenvolver iniciativas con empaque e que perduren no tempo para un sector que é industria cultural de especial relevancia”. Aplaudiu de maneira especial unha iniciativa que busca “potenciar unha figura que ten que servir de referente, unha muller represaliada, que participou de moitos cambios dos que somos debedores”.

A Coruña

O concelleiro de Cultura da Coruña, José Manuel Sande, agradeceu que a iniciativa coi-

dase desa “parte de ensaística e investigación que queda fóra dos recoñecementos”. Lembrou o “fugaz” premio que, no tempo do goberno bipartito na Xunta puxera a andar a Axencia Galega do Audiovisual que logo foi “arrablado polo goberno de Feijóo” e valorou a recuperación dun premio co nome dunha “figura emblemática, crítica, investigadora, con talento, politicamente significada e que marcou camiños que segue agora a Academia”. Pechou o turno de intervencións a vicepresidenta e responsábel da Área de Cultura da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, para agradecer a convocatoria que vai permitir “que moita máis xente coñeza unha muller grande, pioneira en moitas facetas da súa vida”. Lembrou que Morales fora primeira directora dun xornal diario no Estado ao se poñer á fronte de La Vanguardia no seu tempo máis difícil e a súa grandísima relación co tema do cinema, desde a súa condición de crítica e xornalista, até investigadora ou mesmo colaboradora de producións audiovisuais. “Destaca a súa escrita moderna arredor do cine que tanto fala dos monstros no cinema como as fronteiras entre a crítica e a publicidade ou visita figuras como Charlot ou Marlene Dietrich”, anotou mentras lembraba que Morales fora represaliada e apartada da profesión durante o franquismo e só puido regresar ao xornalismo no ano 1978. Rematou o acto coa lectura da definición que a propia M^a Luz Morales facía do cine: “E isto é, xustamente,

o cine. A arte moderna por excelencia: a arte propia deste momento maquinista, dinámico... (...) O cine é tamén, precisamente, a arte das multitudes, a arte por esencia democrática, social...” A convocatoria dos premios María Luz Morales pretende avivar o interese polos estudos sobre o audiovisual ofrecendo ás persoas estudosas e investigadoras a posibilidade de facer os seus traballos tanto en formato audiovisual como escrito. O prazo para a presentación de traballos comezou o pasado 15 de decembro e finalizará o vindeiro 7 de maio. As modalidades do premio son: Videoensaio sobre audiovisual galego; ensaio escrito sobre audiovisual galego; videoensaio sobre audiovisual internacional e ensaio escrito sobre audiovisual internacional. Cada unha destas categorías estará dotada con 1.200 euros de premio e un galardón.

María Luz Morales

Escritora e xornalista, especializada na crítica de cine e de teatro, dirixiu o xornal La Vanguardia durante a Guerra Civil, sendo a primeira muller na historia de España en ser directora dun diario nacional. Foi activista feminista, republicana e galeguista represaliada polo franquismo, e autora dunha extensa obra literaria. Considerada unha referencia da incorporación da muller a actividade xornalística e intelectual na España do século XX. Mantivo a actividade xornalística ata os 91 anos de idade.

Redacción O FARELO



■ Martiño Noriega entrega o premio na categoría de traballos analíticos a José Luís Rodríguez



■ David Quiñones gañou na categoría de traballos descritivos

David Quiñones e José Luís Rodríguez gañan os Premios Antonio Fraguas

O Salón Nobre do Pazo de Raxoi acolleu o pasado 16 de decembro a entrega dos Premios Antonio Fraguas de investigación sobre o traxe tradicional galego, na súa XXII edición. O acto estivo presidido polo alcalde, Martiño Noriega.

Os galardóns convócanse en dúas modalidades. Na de traballos descritivos, a distinción foi para David Quiñones Vázquez, por un traballo titulado *Remexendo nas arcas de Leiro: historia e reprodución dun traxe tradicional*. Este premio está valorado en 600 euros.

Na modalidade de traballos analíticos, distinguíuse o traballo de José Luís Rodríguez Álvarez, baixo o título *Carlos Sobrino, os traxes na boa vila*. Neste caso, a valoración do galardón é de 1.200 euros.

22 anos de historia

Os Premios Antonio Fraguas son convocados pola Asociación do Traxe Galego dende o ano 1995. Nesta edición, o xurado estivo composto por Ana Blanco

Gómez, membro da Fundación Rosalía de Castro; Xesús Ferro Ruibal, do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; e Xosé Manuel González Reboledo, do Padroado do Museo do Pobo Galego.

O premio convócase sempre en dúas modalidades, unha para traballos descritivos e outra para traballos analíticos. Na primeira preséntanse traballos nos que, recuperando traxes, se especificuen a materia da que están feitas as pezas, lugar de procedencia e época, e se presenten patróns e medidas das pezas analizadas. Nos traballos analíticos é preciso presentar información sobre quen fixo o traxe e con que mecanismos ou a área na que distribuíu a súa produción. Nesta categoría valórase tamén a análise da influencia de aspectos relixiosos, económicos, políticos ou sociolóxicos sobre cada traxe.

A convocatoria dos Premios Antonio Fraguas conta co apoio do Centro Comercial Compostela, que financia parte dos premios metálicos.



Compostela Ilustrada, proxecta a cidade ao exterior

O Encontro de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada superou as mellores expectativas do Concello: reuniu en Santiago a máis de 200 debuxantes, que se sumaron aos obradoiros, quedadas e clases maxistras incluídas no programa. Compostela Ilustrada trouxo á cidade participantes de Galicia, Barcelona, Sevilla, Madrid e Zaragoza. Todos compartiron espazos con nomes recoñecidos da ilustración como Catel Muller, Sagar Fornies, Inma Serrano, Jorge González, Clara Marta, Fermín Solís, Ana Luisa Frazao e Joaquín González Dorao. A celebración foi un éxito porque contribuíu á proxección turística da cidade e porque creou un ambiente inigualable na capital galega ao longo dos catro días de duración. O Concello e o director de Compostela Ilustrada mostraron a súa satisfacción polo poder de convocatoria desta primeira edición. Miguelanxo Prado incidiu na proxección exterior de Santiago,

porque “a maioría dos ilustradores participantes son moi activos en redes, e porque os cadernos de viaxe que aquí se fixeron non desaparecerán pasados estes catro días, senón que na súa meirande parte serán volcados en soportes dixitais, o que lle dará una dimensión e una proxección incalculable”. Ademais, adiantou a súa vontade de que as ilustracións realizadas durante as xornadas sexan recollidas nunha publicación en papel. Tamén está previsto que se reúnan nunha futura exposición. Compostela Ilustrada tamén permitiu poñer en marcha diversos proxectos de colaboración artística, como a edición dun libro, a programación dunha exposición dun relevante autor brasileiro e a colaboración cun colectivo portugués de ilustradores para a realización de actividades en común, o que dota ao Encontro dun valor engadido. O encontro foi organizado grazas a unha achega de 20.000 euros do Concello de Santiago.

Maria Reimondez presenta “A dúbida” en Ferrol

O venres 16 de decembro presentouse en Ferrol a novela “A dúbida” de Maria Reimondez. O evento foi organizado por AGAMME (Asociación Galega contra o Maltrato a Menores), organización que busca mellorar o estado de dereitos da infancia e en concreto das/os menores de idade que sofren maltrato. Traballan cara a visibilización deste colectivo e os problemas que atopan para lograr xustiza e protección. Un dos asuntos centrais da súa actividade e reclamar melloras a nivel de servizos especializados no abuso sexual infantil polo desconecemento que existe nos operadores para interpretar os indicadores, o testemuno de abuso ofrecido polos nenos e nenas ou a resposta das familias.



A presentación tivo lugar as 20.00 horas na sala de exposicións do Ateneo Ferrolan (3o andar). A autora estivo acompañada por Estrela Gomez, coordinadora de AGAMME.

Cultura

Redacción O FARELO

Volve Antía Otero á escrita poética con esta obra individual despois do último poemario, “(Retro)visor” publicado por Xerais en 2010. Especificase “escrita” e “individual” porque o xénero lírico non o abandonou nunca, sexa como editora no proxecto Apario, sexa como investigadora ou como colaboradora en obras colectivas. A distancia reverte en maduración, mesmo en cambio de estación, aínda que se percibe o mesmo pulo vital que converte as nostalxias en ímpetos, en azos electrizantes cos que prender o futuro. Desde esta perspectiva actívase o potencial connotativo do universo das abellas para pescudar nos espazos das orixes, testemuñas vivas dos sucedidos que adiantan algúns presentes. Vólvese así no comezo do libro á casa matriz, ao tempo da infancia e dun rural que, igual que as abellas domésticas, está a mudar. O efémero mídese en sensacións, en sons dos animais que conviven coas voces do cd da Velvet e os zunidos dos electrodomésticos, mídese nos olores da vida que, do mesmo xeito que a fealdade, teimamos en agochar. Mais fican os obxectos do cotián, como ben amosa (aínda que non só) o poema “Son os abázcaros” (p. 46) para darlles consistencia á fragilidade dos recordos. As potas granates, as botas de goma, as cuncas, os



A enxame e a obreira

ANTÍA OTERO
O cuarto das abellas
(Xerais)

Unha recensión de:
Inma Otero Varela

enchufes, os almanaques, as estampas lembran como a superficie do familiar tamén foi territorio da tensión onde houbo que aprender a domear

os medos. “As casas deixan cicatrices” (p. 22) é título dun texto e sentenza ao mesmo tempo, que recolle ben a primeira etapa da viaxe que se propón na obra. Cara a metade avánzase desde o espazo cara a experiencia, a persoal entendida en ocasións como morte e desengano, como sucesión de finais, pero tamén a colectiva entendida como construción do grupo, como a sororidade das obreiras que resisten contra a obxectualización da súa identidade (de novo os obxectos) que tratan de fixar os relatos masculinos da historia, dos mitos, do mercado e da arte.

Controlar o subtexto, rachar cos ditames que tentan ocultar a vida e a morte en eufemismos, saber ver nas miudanzas que se expoñen no mostrador da carnizaría, lexema este último que compite en reiteración cos do campo semántico das abellas, son anuncios do poema final, un canto á existencia sabendo que só estamos a adiar a morte, en homenaxe á forza das avoas, figura tan reivindicada polas poetas contemporáneas. Unha ollada sen autocensura que desde unha linguaxe directa e tallante remexe no real e no subxectivo para crear un novo real que desbota limitacións, tamén de xénero, como demostra a fermosa versión visual dun texto do libro nesta ligazón:

<https://vimeo.com/190879830>

Concurso de Escaparates e Ambientación por vez primeira en Gondomar

Oxurado da primeira edición do Concurso de Escaparates e Ambientación de locais de nadal de Gondomar tras visitar os case 40 establecementos participantes reuniuse o pasado xoves para a toma de decisións. Os gañadores son, na categoría de ambientación: primeiro premio para o local Aprehende, do que o xurado quixo destacar a utilización de materiais de uso diario aplicándoos a novos contextos ademais de valorar positivamente o uso do espazo do que dispoñían. O segundo premio de esta categoría é para Herboristería Bambú, por facer unha ambientación correcta e grazas o sentido da profundidade do que souberon dotar a sua decoración. Por último o xurado premia co terceiro galardón a decoración natural a base de produtos do sector de Nancy Armijo Estilistas.

Os premiados na categoría de escaparatismo son, en primeiro

lugar: Ollomol pola organización, o uso de materiais naturais e a composición xeral do seu escaparate. Auto Serviancar lévase o segundo premio do xurado por acadar o efecto desexado con poucos materiais e unha paleta de cores limitada. O terceiro premio é, pola súa orixinalidade, sinseleza e movemento, para o escaparate de Expert Gondomar.

Os primeiros postos de cada categoría teñen por premio 300€, mentras que os segundos e terceiros recibirán un diploma. Todos eles terán por premio a publicidade e promoción dos seus negocios nas redes sociais do Concello e na páxina Web durante o mes que eles escollan.

A organización do Concurso a cargo da Concellería de Comercio de Gondomar, dirixida por Xosé Antón Arauxo, quere felicitar a todos os gañadores e participantes. Invitando ademais os gondomareños e visitantes que fagan as suas compras na vila condal.

‘A ilustración compartida’ de Xosé Cobas

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e o concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, participaron o 16 de decembro no Kiosco Alfonso, no acto inaugural da exposición Xosé Cobas. *A ilustración compartida*, no que estivo presente o propio autor. A mostra, que organiza o Concello, compila unhas 250 ilustracións dun artista con máis de 30 anos dedicado á ilustración e a pintura, unha selección que se distribúe en tres bloques, como son as súas ilustracións para libros infantís e xuvenís, as imaxes de obras para público adulto e a obra como cartelista. Destaca nela a presentación íntegra das obras *O libro das viaxes imaxinarias* e *Cadros para unha exposición*, que se poderán contemplar no primeiro andar

da sala de exposicións.

A exposición, que se poderá visitar ata o 12 de febreiro, de luns a domingo, en horario de 12.00 a 14.00 horas e de 18.00 a 21.00 horas contará con visitas guiadas –que se poderán realizar previa solicitude– e vén acompañada de varias actividades, dirixidas a público infantil. De tal xeito, este sábado, día 17, ás 12.30 horas o autor impartirá o taller *Os mares sen mar*, para nenas e nenos de entre 6 e 10 anos. O martes, 27 de decembro, e o xoves 29, ás 12.30 horas, terá lugar un contacontos, a cargo de Trinketrinke Teatro, *O rato ilustrador*, para público de entre 4 e 12 anos. Ademais, os domingos 15, 22 e 29 de xaneiro e 5 e 12 de febreiro haberá Talleres en familia, ás 12.00 horas, dirixidos a nenas e nenos de entre 6 e 10 anos.



A Coruña homenaxeou Cántigas da Terra polo seu centenario

Unha actuación da Banda Municipal de Música tivo lugar o domingo 18 de decembro, co gallo do primeiro centenario de Cántigas da Terra, e no que estivo presente o alcalde, Xulio Ferreiro. O concerto contou coa participación da soprano coruñesa Susana de Lorenzo, o gaiteiro Josele, o músico Xurxo Souto e de todas as agrupacións que forman parte da centenaria entidade -teatro, gaitas, baile ou coro-.

Fotografía



■ Carlos Varcárcel / FOTO: Francisco Puñal Suárez



Por Francisco Puñal Suárez

Editarán libro do fotógrafo galego Carlos Varcárcel

Comeza moi ben o 2017 para un artista lucense! Ademais de cumprir 88 anos en xaneiro, Carlos Varcárcel verá publicado un volume pola editorial Canela, da Coruña, que incluírá preto de 150 fotos súas, nun acto de verdadeira xustiza poética. A humanidade e autenticidade caracterizan a súa obra. “O libro, que pretendemos

presentar nas Festas de San Froilán, en Lugo, en outubro de 2017, formará parte da colección “Imaxes dun país” (na que publicamos xa un primeiro volume, “Aldeas sen voz” do extraordinario fotógrafo Vicente Ansola), será unha publicación con formato cadrado, que roldará os 21x21 cm “- expresa o editor Pablo Quintana.

“As imaxes de Carlos Varcárcel –engade Pablo- teñen un valor documental de enorme interese para coñecer a vida rural e urbana da provincia de Lugo durante a segunda metade do século XX. Ademais, fannos reflexionar sobre unha época e un sistema de vida de gran dureza e sacrificio, con pouco beneficio económico. Tamén aportan

datos para os etnógrafos, que se manifestan na documentación de aperos, ferramentas, formas de traballar, feiras, personaxes rurais, a festa, a roupa, etc. O libro inclúe ademais retratos magníficos de personaxes lucenses da época, como poden ser Tino Grandío, Paco Pestana, Uxío Novoneira, o pintor López Guntín e outros”.

Varcárcel comezou a tomar fotos cando tiña 21 anos, grazas a que un amigo deixoulle unha cámara, e acumula máis de 16 mil negativos de 35 mm, que agora dixitaliza. Ao reflectir nas súas imaxes a alma e a vida dos pobos e as súas xentes, converteuse nun exemplo de creación artística e honradez intelectual.

Lecer

Redacción O FARELO

Trece carrozas e centos de figurantes amenizarán A Coruña na Cabalgata

O Concello da Coruña está a poñer a punto o dispositivo especial que activará de cara á celebración, o vindeiro día 5 de xaneiro, da tradicional Cabalgata de Reis, que nesta edición, e co gallo de estender as actividades municipais a diversas zonas da cidade, partirá da Ronda de Monte Alto (en concreto da glorieta onde conflúe a Avenida de Hércules e a rúa Alcalde Sanjurjo) para discorrer logo pola Avenida de Hércules, rúa da Torre, Panadeiras, Orzán, San Andrés, Santa Catalina, Cantón Grande, Avenida da Mariña e Montoto, e rematar na Praza de María Pita. A comitiva deste ano estará formada por 13 carrozas (sete do Concello e seis de entidades colaboradoras), ademais de catro trens turísticos. En total, participarán 464 figurantes nesta cabalgata na que está previsto que se repartan, só dende o Concello, seis toneladas de caramelos sen gluten.

O Concello realizou onte o sorteo que determinou a adxudicación das 323 prazas de figurantes que participarán nas carrozas municipais, así

como nos trens turísticos que tamén aporta a administración local. A lista definitiva das persoas seleccionadas segundo concurso publicárase na web municipal o vindeiro día 28, así como está previsto que IMCE contacte coas mesmas, tal e como se estableceu nas bases deste sorteo, que se artellou co obxectivo “de facer o máis accesible e igualitaria posible a participación da cidadanía neste acto festivo”.

En total, as 7 carrozas así como 3 trens municipais contarán con 233 persoas figurantes con idades comprendidas entre os 6 e os 10 anos de idade. Ademais, outras 90 persoas solicitantes, maiores de 10 anos, formarán parte do séquito a pé. As e os figurantes, vestidos de paxes reais, irán diante das tres carrozas dos Reis Magos. Ademais das 323 prazas sorteadas, o Concello porá a disposición do proxecto solidario Quimions un cuarto tren turístico, no que participarán 45 persoas. O resto de participantes/figurantes na cabalgata distribuiranse nas carrozas patrocinadas polas entidades privadas.

O Apalpador levou a felicidade do ano novo a Gondomar

Dentro do programa da Deputación de Pontevedra, Nadal en Galego, a Concellería de Cultura dirixida por Nuria Lameiro organiza a visita do Apalpador.

Di a tradición que en outros tempos, nestas datas de nadal, baixaba do monte un home dedicado o carbón distinguíbel pola súa barba vermella a as súas boas intencións. Chegaba as vilas galegas para dilucidar se os nenos e nenas comen de abondo aquel ano “apalpándolles” o bandullo para saber se estaba cheo. A aqueles que pasaran fame deixábanlles castañas e desexaba a todos un feliz ano novo.

Estes días, a figura do Apalpador está a percorrer as vilas galegas e chegará a Gondomar coas súas cancións, o seu burro e alegría para tódolos nenos e nenas que se acheguen a miralo a praza do Concello o mércoles as 12.30h.

Funambulismo e teatro

A programación cultural de Gondomar continúa nesta datas de nadal, organizada pola Concellería de Cultura que dirixe Nuria Lameiro trae o Auditorio Lois



Tobio teatro e espectáculo circense.

O pasado mércores, a compañía teatral Ibuprofeno subiu ao escenario coa súa obra O Furancho, unha comedia hilarante ambientada nunha típica taberna na que degustar viño e risas.

O xoves, día 29 no Lois Tobio houbo espectáculo circense con TrasPediente e a obra “Up2down”, unha búsqueda do equilibrio sobre un cable da que serán partícipes os espectadores.

Muíño da Faixa X.S. Paramos

En pleno inverno e cun frío do demo, un rapaz sentado na cama pensa: ¿por qué terei que durmir nun xergón de follatos se son eu quen coida as ovellas?.

Esperou co riqui-riqui dos ratos rillando nas mantas e con aquel tusir de can que o rebentaba.


A nai levouno ó medico cunha xeadá que triscaba a terra debaixo dos pés. Despois dunha legua de camiño e unha longa espera alá chegou o doutor cun puro na boca. Vestía un gabán forrado de lá tan bonito que todos lle preguntaron onde o mercara. o medico díciallo sorrindo.

Moitos pretenderon mercar o gabán, pero tiña un defecto... unha etiqueta colgando onde se podía ler: P.V.P-3.000 – Ptas. que viña a ser o valor dunha toura.

Un día 14 Maruxa baixou a Pontearreas, levou o fillo con ela e un becerro para vender. Ó chegar á feira o rapaz non paraba de bater os dentes co frío. O touro logo o venderon pero á nai deulle coraxe velo a tremer e quixo que probara o gabán.

Xa no comercio o rapaz pare-

O gabán



cía un xeneral e Maruxa a todo risco quixo que o levara posto. Ela toda orgullosa e o fillo morría de vergonza. O pantalón mellor remendado agora parecía un farrapo. Aquilo era moito luxo para el. Cando chegou a casa gardouno coa escusa de que se manchaba pero a nai nunca máis o mirou con el.

Pasaron os anos e o rapaz xa era un vello. Aquel Nadal deulle a tose ferina e lembrouse do gabán, pensou en vestilo para ir ver unha representación do Nacemento, pero volveuno a gardar, era un recordo tan bonito da nai que quería levalo posto cando morrera.

Polo serán foi o velliño co fillo a ver o portal de Belén. Cal sería a súa sorpresa cando mirou alí o neto representando un pastor, ía vestido co gabán, arrincáralle as mangas e puxéao co forro da lá para fora.

Inda lle escoitou dicir ó fillo: “A que no contabas ver aquí a tu neto, Mira que bien le vino el chaquetón que tenías allí tirado en el baúl... vess”.

O velliño xa non contestou.

Redacción O FARELO

A Fegamp pedirá á Xunta que asuma o financiamento dos conservatorios

Da trintena de centros galegos só 9 están xestionados polo Goberno autonómico

A Federación Galega de Municipios e Provincias trasladará á Xunta a demanda de constitución dunha mesa de negociación para abordar o financiamento dos conservatorios profesionais de música que están sufragados na súa totalidade polas arcas locais. En Galicia son máis de 30 os centros que imparten esta formación, dos que 9 están xestionados pola administración autonómica. Isto supón unha importante carga económica para os municipios que só contan cos fondos propios.

Na reunión celebrada onte na sede da Fegamp, os responsables locais incidiron en que é clave garantir a continuidade destes centros, a súa maioría situados nas cabeceiras de comarca, dado que os autonómicos non teñen prazas suficientes para cubrir a demanda formativa. O obxectivo é abrir unha mesa de negociación para garantir a viabilidade económica que asegure o seu futuro.

Os participantes na xuntanza tamén expuxeron que os conservatorios locais deben contar cos requisitos que establece a Xunta para a ensinanza oficial regulada (currículo formativo, prazas por aula, etc.) e pasar as inspeccións correspondentes. Deste xeito, contan coas mesas esixencias que as Escolas Oficiais de Idiomas, pero sen recibir os fondos para o seu funcionamento. Malia que o proxecto de Or-

zamentos de 2017 conta cunha partida de 300.000 euros ao respecto, está contía repartírase en 80 subvencións, co que quedaría lonxe de resolver a problemática.

Ademais do traslado desta petición á Xunta, os concellos afectados presentarán o problema aos distintos grupos parlamentarios e aos organismos provinciais. Tamén buscarán o apoio do propio alumnado, o cadro docente e as ANPAS.

Ponteareas lidera o grupo de presión dos concellos

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Ensino, Cristina Fernández, presidiron no día de onte a reunión celebrada en Santiago na sede da Federación de Municipios, na que se tratou a financiación dos Conservatorios Profesionais de Música Municipais, a raíz dunha proposta levada ao Pleno celebrado o 18 de outubro de 2016 onde se acordaba Instar a Xunta de Galicia a asumir a xestión do Conservatorio Municipal de Ponteareas e achegar o financiamento necesario en tanto non se producía o traspaso, así como trasladar esta proposta á Fegamp, Deputación Provincial e ao resto dos Concellos galegos na mesma situación.

"A xuntanza foi moi positiva" mani-



festou Cristina Fernández, "todos os Concellos acordamos trasladar a Xunta de Galicia a demanda de asunción das súas competencias plenas nos conservatorios, para rematar coa discriminación actual, para o alumnado e os concellos e garantir o futuro dos Conservatorios e a súa viabilidade económica".

O Conservatorio Municipal de Ponteareas, é un centro de referencia na Comarca e norte de Portugal, cunha gran influencia na vida cultural e musical da vila e a súa contorna e que proporciona á sociedade

un número importante de grandes profesionais. "É importante para a Comunidade Educativa, que o alumnado teña os mesmos dereitos e recursos que o resto dos Conservatorios xestionados pola Xunta, sendo un obxectivo prioritario para todos os Concellos que as taxas que abonan as persoas matriculadas cada curso sexan iguais para todos, sen importar a localidade onde residan, eliminando así o agravio comparativo que existe na actualidade", puxo de manifesto o alcalde na citada reunión.

Convenio da Rede Provincial de Espazos Culturais

O presidente da Deputación, Manuel Baltar, presidiu a reunión da Rede Provincial de Espazos Culturais, integrada pola institución provincial e por catro concellos. O responsable do goberno provincial asinou xunto cos alcaldes e representantes dos municipios da Peroxa, A Rúa, Bande, Barbadás, Cartelle, Celanova, Coles, Montederramo, O Barco de Valdeorras, San Cristobo de Cea, Verín, Viana do Bolo, Vilamarín e Xinzo de Limia o convenio de colaboración. O obxectivo é fomentar e difundir a música e as artes escénicas na provincia de Ourense, unha iniciativa á que tamén se unirán próximamente os concellos de Castrelo de Miño e O Carballiño. A institución provincial destina en dúas anualidades (2016 e 2017) un total de 200.000 euros para desenvolver a programación cultural coordinada cos concellos dentro do marco deste rede, que xa programou e celebrou ao longo deste ano 36 actuacións nas que participaron 23 grupos ou solistas.



Alcaldes que asinaron o convenio coa Deputación

Manuel Baltar agradeceu aos concellos a súa participación nesta rede cultural, "porque este é tamén un xeito de facer provincia entre todos, e fala ben e alto do impulso cultural que lle damos ao noso territorio con esta iniciativa". Baltar subliñou que a

cultura "é un eixe dinamizador socio-económico dunha provincia na que a Deputación difunde a nosa riqueza tradicional, con actuacións como as Xornadas de Folclore e coas iniciativas que leva a cabo o Centro de Cultura Xaquín Lorenzo, entre outras moitas

iniciativas, e tamén lle da un pulo á creatividade, da man da "Ourense ICC Week, a Semana das Industrias Creativas e Culturais de Ourense, que cada ano converte á provincia no punto de encontro da vangarda creativa". Baltar destacou que o convenio enmárcase no Plan de mandato "Ourense 15-19" da Deputación. As bases e a programación de actividades foron aprobadas no pleno da corporación provincial do mes de maio. Preténdese a constitución dunha rede de espazos culturais (auditorios, casas de cultura e centros multiusos) da provincia de Ourense, establecendo o seu marco regulador. A dirección e representación da rede correspóndelle á Deputación por medio do deputado de Cultura, Manuel Doval, e as funcións de impulso e seguimento son competencia do asesor de Cultura da Deputación, Aurelio Gómez Villar. O acto contou coa presenza de persoeros dos ámbitos cultural e social e de artistas participantes na programación cultural.

Novas da Raia

Redacción PONTEAREAS

Nova imaxe gráfica do Concello de Ponteareas

O “o” de Ponteareas convértese na icona identificadora cun semicírculo que sobresaia da palabra

Entre os obxectivos da nova imaxe institucional gráfica do Concello de Ponteareas está ter unha imaxe única de toda a institución municipal, unha imaxe moderna, aínda que baseada nas tradicións e na proxección de Ponteareas no mundo.

A nova estética de comunicación que se irá espallando no vindeiro ano pretende ser a imaxe visual de Ponteareas como un concello vivo que bebe das tradicións. Para crear a nova identidade corporativa gráfica do Concello de Ponteareas, que convivirá co escudo oficial, procuráronse aqueles elementos máis representativos, tanto na arquitectura, o patrimonio, a cultura ou a gastronomía, para lograr un

logotipo recoñecible e cargado de contido e simbolismo.

As comunicacións municipais estarán identificadas con ese símbolo do propio nome, resaltando o semicírculo polo que ten de elemento central tanto na propia ponte do escudo municipal, nas formas xeométricas das alfombras de flores, no castro de Troña e a serpe, como mesmo na fachada do edificio municipal ou as saborosas rosquillas de Ponteareas.

A nova imaxe corporativa municipal complementará o escudo municipal. A nova identidade traslada unha imaxe moderna e renovada, unha imaxe que trata de expresar o momento actual. Nesta imaxe podemos ver as flores do Corpus,



os arcos da ponte dos Remedios, unha imaxe que reflexa o dinamismo dos tempos actuais.

Ademais da creación dun logo-

tipo, traballouse nas súas diferentes adaptacións, para dotar todas as comunicacións do Concello de coherencia interna e ca-

rácter propios, para tratar de cohesionar todos os elementos e axudar a comunicar mellor.

Para este deseño o goberno municipal contou co traballo de Leonor Parcero en colaboración con Guillotina Estudio. Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola UVigo, profesional da comunicación que ademais preside a Asociación Galega de Comunicación Científica e Tecnolóxica (AGCCCT-Divulgación). Despois de ver varios esbozos, o Goberno decidiu facerlle o encargo. Agora preséntase un adianto, xa que a partir de xaneiro comezará a introducirse a mudanza da imaxe corporativa de Ponteareas nos diferentes departamentos.



Ponteareas inaugura “Fogo sagrado” de Demetrio Monteagudo

O día pasado 19 de decembro inaugurouse na sala multiusos do Museo Municipal de Ponteareas e estará aberta ao público de balde até o 27 de xaneiro.

Inclúense nesta exposición, entre outras, unha serie de fotos do Entroido tradicional galego no ritual da “queima do Meco” polo convencemento de que esta festa ten a súa orixe nas festas relixiosas solsticiais que celebrábanse na Europa antiga. Tamén inclúe o uso do lume en rituais coincidentes con festividades relixiosas e pagás ao longo do ano por toda a xeografía galega. Como elemento común a esta selección de fotos temos a plasticidade e beleza do lume, e tamén a discreta ledicia dos portadores da chama.

A concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, salienta que “esta exposición constitúe un magnífico traballo do profesor Monteagudo, tanto na plasticidade e recreación do escenas como na transmisión do coñecemento sobre os diferentes rituais que teñen o fogo como expresión e denominador común no noso país”.

Demetrio Monteagudo González naceu en Vigo no ano 1952. A afección á fotografía espertoulle no ano 1973. Dende esta data mantén coa fotografía una relación autodidacta, intermitente e bipolar que se pode permitir pola súa condición de afeccionado.

O seu obxectivo son case sempre temas de antropoloxía social como as festas, tradicións relixiosas ou traballos tradicionais. Neste senso, nunca sentiu atracción pola fotografía de estudo.

O Trail de Arcos-José Teixeira entra na copa da Federación Galega

A proba é a derradeira das seis escollidas pola FGM no 2017 e realízase o 8 de outubro de 2017 entre Arcos e o centro de Ponteareas, organizada pola asociación Caminhan-tes do Condado, en colaboración coa Concellería de Deportes.


O IV Trail de Arcos-José Teixeira servirá aos deportistas que participen da proba para puntuar no campionato galego de carreira de montaña, así como no ámbito nacional e internacional. “É importante

ter unha proba de este ámbito en Ponteareas por toda a proxección cara o exterior que pode reportar”, indica o concelleiro de Deportes, Benito Márquez.

“Será unha proba decisiva xa que é a derradeira no calendario do vindeiro ano”, engaden desde a organización do evento deportivo. Á cita achegaranse deportistas de toda Galicia e Norte de Portugal, resultado do bo traballo que se vén a realizar desde asociación de montañismo Caminhan-tes do Condado.

Humor: Hermanager

O papel da mocidade en
gàlicia



HERMANAGER PRODUCTIONS

Redacção O FARELO

Henrique Silva eleito presidente do Conselho de Fundadores da Bienal de Cerveira

Foi diretor das Bienais de Cerveira entre 1995 e 2007. Em dezembro de 2013 foi nomeado vice-presidente da FBAC e coordenador cultural, tendo também assumido funções de diretor artístico da XVIII Bienal de Cerveira (2015)

O artista plástico Henrique Silva foi eleito por unanimidade presidente do Conselho de Fundadores da Fundação Bienal de Arte de Cerveira (FBAC). O processo de eleição decorreu no passado dia 14 de dezembro, em concordância com os estatutos da FBAC.

A Fundação Bienal de Arte de Cerveira reúne entre os seus fundadores um conjunto de instituições e pessoas individuais de prestígio e experiência em setores diversificados como o financeiro, o ensino superior, a administração autárquica, artistas e empresas. Compõem este órgão os seguintes 10 membros: o Município de Vila Nova de Cerveira; a Associação Projecto – Núcleo de Desenvolvimento Cultural; a DST – Domingos da Silva Teixeira, SA; a Caixa de Crédito Agrícola Mútuo do Noroeste, CRL; a Universidade do Minho; a Fundação Convento da Orada / Escola Superior Gallaecia; a COOPETAPE – Cooperativa de Ensino, CRL / ETAP do Vale do Minho; Daniel Isidoro Unipessoal Lda.; José Rodrigues (escultor); e Henrique Silva (artista plástico).

Henrique Silva foi diretor das Bienais de Cerveira entre 1995 e



2007. Em dezembro de 2013 foi nomeado vice-presidente da FBAC e coordenador cultural,

tendo também assumido funções de diretor artístico da XVIII Bienal de Cerveira (2015). Assumiu

funções de diretor executivo na Cooperativa Árvore, de 1978 a 1996 e na Associação Projecto,

Núcleo de Desenvolvimento Cultural, entre 1995 e 2007. Foi bolseiro da Fundação Gulbenkian, em Paris, de 1961 a 1963. Licenciou-se pela Université de Paris VIII, no ano de 1977, em Artes Plásticas para o Ensino. Foi diretor geral e pedagógico da Escola Profissional de Economia Social em 1989/91 e 1998/2000. Participou em seminários e reuniões internacionais em Varsóvia (1983), Bruxelas (1986), Creta (1987), entre outros, sobre políticas de desenvolvimento territorial e cultural. Obteve, em maio de 2016, o grau de doutorado com “distinção e louvor” pela Universidade Aberta.

Expõe regularmente desde 1958, tendo realizado mais de 50 mostras individuais em França, Espanha, Bélgica, Suíça, Brasil e Portugal, e mais de 200 exposições coletivas entre a Europa, América e Japão. É diretor do curso de Artes Plásticas e Multimédia na Escola Superior Gallaecia e autor do livro “Diários – entre a angústia e a afirmação”, edição do Atelier Gondar (2012). Atualmente dirige o Atelier de Gondar – Centro de Investigação Arte e Design, em Vila Nova de Cerveira.

FEIRA DE ARTE

Até 7 de janeiro de 2017

FÓRUM CULTURAL DE CERVEIRA

HORÁRIO MUSEU BIENAL DE CERVEIRA

3ª a 6ª: 15h às 19h // sábados e feriados: 10h às 13h e 15h às 19h.

Encerramos nos dias 23, 24, 25, 30 e 31 dezembro 2016 e 1 de janeiro 2017

bienaldecerveira.pt

FUNDADA
BC
fundação
bienal de
cerveira

PRESENCIAL

LABORATÓRIO

EUROPE FOR FESTIVAL
CERTEAU FOR EUROPE
OFFE LABEL 2013-2014

Novas da Raia

Redacción GONDOMAR

'Eu tamén necesito amar' proxéctase en Mañufe

O día 10 de decembro, tivo lugar no auditorio do Centro Cultural de Mañufe, coa colaboración da asociación cultural San Vicente de dita parroquia gondomareña, o acto de presentación do proxecto documental *Eu Tamén Necesito Amar*.

O acto consistiu nun "work in progress" (presentación de algo que se está aínda realizando) da peza documental que está realizando a asociación vilagarciana O Faiado da Memoria a través da súa división audiovisual O Faiado Producións e a productora de Gondomar, Ollomol audiovisual. A presentación estivo a cargo do realizador do documental, Antonio Caeiro, que cunha montaxe escénica que simulaba un salón dunha casa, con sofá e mesa camilla, e vestido cunha bata, ía desvelando, apoiado con imaxes do No-Do e do propio documental, como era a España na época na que se desenvolven as historias de que trata este traballo audiovisual.

¿E de que trata *Eu Tamén Necesito Amar*? Pois da vida das mulleres que, nadas arrededor, ou durante, a Guerra Civil española, tiveron que afrontar o seu crecemento físico e síquico na dictadura que naceu, como elas, logo daquel enfrontamento armado.

Logo de rematala triloxia que deu en chamar "Tristeloxía Galega" (composta polos documentais "Aillados", "A memoria nos tempos do volfram" e "A volta dos nove") o realizador quixo facer unha homenaxe aos fillos daquelas persoas que son, ao mesmo tempo, os pais da última xeración que naceu na dictadura e a que lle sorprendeu, na súa adolescencia, a democracia. Unha homenaxe aos nosos pais que creceron baixo unha represión sexual, motivada pola presión social, política e relixiosa dos anos 40 a 60 do século XX.

Pero o traballo vai a centrarse nas nais, nas mulleres, xa que foron elas as que máis sufriron estas presións desde o momento do seu nacemento, xa que tiñan a



misión, ordenada polo estado, de ser o amparo dos homes na misión desta "nova España que comenzaba a amanecer". Ahí temos o pensamento de Pilar Primo de Ri-

vera, creadora da Sección Feminina, principal baluarte deste tempo ideolóxico a cal comentaba que "la función social de la mujer es, precisamente, la de servir en

su hogar en aquellas funciones que el hombre no puede desempeñar porque está en otros menesteres".

Pero é na parte do crecemento sexual, tamén chamado amor, no que máis estará centrado este traballo documental e, as veces, na propia imposibilidade de ser mostrado e levado a cabo sen que se lles etiquete coa palabra de catro letras que comenza por P e remata por A.

Hasta estes momentos leváronse a cabo unhas vinte entrevistas a mulleres de distintas partes de Galicia (Val Miñor, Oia, Arousa, Coruña,...) e, tras esta presentación, xurdiron máis entrevistas que se van a levar adiante nos próximos días co fin de ter todo o material preparado para a súa estrea definitiva, aproximadamente, na próxima primavera.

O acto de presentación, a tenor dos comentarios dos e das asistentes, resultou vistoso e entretido durante a súa hora e media de duración.

Redacción GONDOMAR

Risadas aseguradas con Federico Pérez en Gondomar

Gondomar ofreceu unha variada programación durante as pasadas Festas de Nadal con monólogos e música. Para comezar coas celebracións organizouse o concerto de nadal no que participaron a Coral Vocal de Donas, a Coral Vocal do C. Cultural A Merced de Chaín ade-

máis da Coral da Agrupación Musical de Vínos. O repertorio consistiu en panxoliñas e cancións natalicias. As rúas enchéronse con Pasarúas de Rondallas; humorismo como "Air Galicia" ou "O Show dos tonechos", que trouxo a Gondomar o monólogo "Ración de Breogán".

Redacción A GUARDA

Os alunos do curso Auxiliar Forestal están mans á obra

Os dez alumnos/as do Curso Teórico - Práctico de Auxiliar Forestal organizado pola Asociación Érguete Baixo Miño e que deu comezo a mediados de outubro, xa están mans á obra realizando as prácticas formativas en espazos cedidos polas Comunidades de Montes. Esta vez están desprazados no Monte do Torroso en A Guarda facendo unha práctica, coa colaboración do GES, na que os/as participantes aprenderon o necesario para poder tra-

ballar cunha motobomba.

Dende a Asociación Érguete Baixo Miño, queremos agradecer especialmente á Comunidade de Montes de Salcidos e ao GES da A Guarda pola cesión dos terreos e tamén polo material prestado imprescindible para a realización destas prácticas formativas.

Esta actividade está subvencionada pola Consellería de Política Social, o Fondo Social Europeo 2014/2020 e polas cotas dos/as socios/as da Asociación.

Miscelánea

Redacción PORRIÑO



■ Espectacular maqueta da estación de ferrocarril do Porriño

Exposición da maqueta realizada polo alunado do IES Pino Manso

Máis que recomendable é a exposición aberta este venres no Centro Cultural Municipal, organizada polo IES Pino Manso, dentro da programación de Nadal do Concello. Baixo o título ‘De viaxe polo tempo en tren’, os asistentes terán a ocasión de gozar dunha maqueta viva da estación do Porriño elaborada polos alumnos do centro ao longo dos anos e que e que sae do instituto para ser exposta, por primeira vez, en público.

O director do Pino Manso, nunha presentación introducida pola concelleira de Educación Lourdes Moure, fixo unha exposición semellante a un relato de aventuras, chea de enxeño, anécdotas e lembranzas, o proceso de creación desta maqueta, única no seu xénero, que ocupou a alumnos, profesores e directores do instituto ao longo de varios cursos.

Juan Aguilar lembrou con especial

emoción, a chegada á Estación do Galo Expresso, en xuño de 2005, nunha viaxe “máxica” dende o Museo do Ferrocarril, no concello lucense de Monforte de Lemos, ata O Porriño, coas alumnas e alumnos do Pino Manso coma pasaxeiros.

Ese mesmo ano, o instituto, que este 2016 celebra os seus primeiros 50 anos de vida, recibiu o 1º Premio á Innovación Educativa da Xunta, en recoñecemento ao traballo dos seus estudantes e das profesoras e profesores de Tecnoloxía, Xeografía e Historia, Lingua Castelá, Literatura, Física e Química e Debuxo.


A maqueta, que construíuse seguindo exactamente os planos orixinais da estación, facilitados por Renfe, e que amosa tamén, en movemento, a varios dos trens que pasaron pola mesma ao longo dos tempos, estará aberta ata o 18 de xaneiro en horario de 6 e media a 8 e media da tarde.

O Porriño levará ‘Querida Gina’ ao Centro Cultural

O Concello do Porriño axudará á distribución de ‘Querida Gina’, a película protagonizada por Juan Sánchez e Serafín Rodríguez, veciños de Cans, e que narra a aventura que viviron viaxando de O Porriño a Roma para coñecer á súa admirada Gina Lollobrigida, á que viran cando fixeran de extras na película ‘Salomón e a raíña de Saba’, rodada en Zaragoza no ano 1959.

Este é o compromiso ao que chegou o Goberno local coa directora do filme, que voltará a O Porriño o mes de xaneiro para estar presente na proxección da cinta no Centro Cultural Municipal.

Susana Sotelo agradeceu ao Concello do Porriño o apoio que deu á candidatura de ‘Querida Gina’ a sete nominacións aos Premios Goya, nominacións que, finalmente, non acadou, un apoio, sinalou, que foi moi importante para todas as persoas que participaron na película e que axudou a facer visible a mesma. A directora solicitou a colaboración do Concello para a distribución da cinta que, subliñou, é agora a principal preocupación do seu equipo, “queremos que chegue aos espectadores e que o maior número de persoas posible poidan coñecer a historia de Juan e Serafín”.



O Goberno local reafirmou o seu compromiso coa película, pasadas xa as candidaturas aos premios da Academia de Cine, e asegurou a Susana Sotelo que botará unha man para que ‘Querida Gina’ poida verse no maior número de lugares posíbeis.

Redacción O FARELO

Novo libro-cd de Berlai publicado por Axóuxere

Há persoas que crebiam o contrato social, que establecem uma fenda com o mundo e vivem a sua vida noutro âmbito, à margem, guiadas por um espírito que as alimenta no meio duma soidade impenetrável.

Desconhecido, de Berlai, terceiro volume da nossa coleção Euterpe — dedicada à exploração do sonoro e o visual na procura de novas propostas discursivas através da inter-relação destes meios —, conta a história duma dessas persoas; a história real dum homem que elegeu a renúncia perante a impossibilidade do amor negado polo entorno social.

Desconhecido é um cuidado livro e um cd para ler, ver e ouvir, onde através do preciosismo da banda desenhada e o elaborado das suas músicas, se tece uma narrativa visual e uma poética inçadas tematicamente duma série de elementos configurativos da sociedade rural; do abandono, da marginalidade... o isolamento. Uma temática tristemente próxima nesta terra.



Este é o primeiro traballo de Berlai, banda integrada por catro músicos de reconhecida trajetória, que combina elaborados e frescos arranjos pop com a forza de atmosferas densas e desgarradas, e textos que xogan con chiscadelas a estrofas tradicionais desde um mundo contemporâneo em descomposição; tudo acompañado duma magnífica interpretación e produçã sonora.

Música

Redacción O FARELO

“A Rianxeira” entrou no Vaticano

A Coral do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas foi convidada para cantar misas en Santa María Maggiore e na Basílica de San Pedro onde interpretou “A Rianxeira”

Nos primeiros días de decembro pasado a Coral do C. Artístico Sportivo, de Ponteareas, visitou Roma para actuar en dúas celebracións eucarísticas e pechar o Xubileo Extraordinario da Misericordia.

Unha vez chegados a Roma a Coral e acompañantes visitaron Florencia onde puideron apreciar toda a beleza e toda a historia que esta cidade italiana nos ofrece. Aquí podíamos patrodiar aquilo de que “Florencia, como París, ben merece unha misa; neste caso sería unha máis longa visita”.

Ao día seguinte a Coral actuou na misa en Santa María Maggiore, oficiada polo Padre Carballo (Arzobispo). A coral cantou a misa “cantantibus organis”, con “A cantata 147” de J. Sebastián Bacha; o “Panis Angelicus”, de César Franck; “O Bone Iesus”, de Giovanni Pierluigi de Palestrina; “Esa é María”, de José Luis Reza; “Ave María”, para slo e coro, de Angel Viro (director da coral) e “El Peregrino”, de Ricardo Cantalapiedra.. Nese momento o público asistente sacaba os pañuelos e aplaudía..

O día seguinte, día once, a Coral e acompañantes foron recibidos polo Padre Carballo as portas do Vaticano para mostrarlles a zona interior, vivenda



do Papa incluída, explicando ao grupo a historia e función dos edificios que alí se atopan.

Unha vez que o PAPA rematou “o anxeus” das doce, iniciouse una nova misa igual que a anterior e tamén celebrada polo P. Carballo, na Basílica de San Pedro. Dirixiu Mónica Viro, filla do director da Coral D. Angel Viro que tocou o órgano, sentindo una emoción inenarrable, segundo as súas palabras. Para

rematar, diante do asombro dos asistentes a Coral ofreceu “A Rianxeira”; algo inédito naqueles lugares sagrados. O público aplaudía a rabear..

O día de regreso a Coral e acompañantes foron recibidos polo Embaixador español diante da Santa Sede D. Eduardo Gutiérrez Sáenz de Buruaga, ao que lle ofreceron de entrada “El Peregrino”. O embaixador mostrou o seu con-

tento absoluto e solicitou unha nova interpretación para o personal da Embaixada ao que fixo chamar de inmediato. A coral agasalounos coa interpretación de “A Rianxeira”. Gustoulle tanto que se comprometeu, se continua de Embaixador, a levar a Coral para actuar na misa de Santa María Maggiore o día oito de decembro de 2017, en presenza do Papa, co gallo da colocación da Coroa á

imaxe da columna da Praza de España. Teñamos en conta, para valorar esta oferta, que este ano actuou, nese acto solemne, o Coro de RTVE.

A expedición ponteareá aínda tivo tempo de visitar a Fontana di Trevi. As donas solteiras ou viúvas puideron lanzar a máxica moeda de costas á fonte para pregar un marido; as casadas, é de suponer, pedirían conservar o que xa teñen.

Homenaxe do Orfeón Lucense a Xesús Mato

O pasado domingo 18 de decembro o Orfeón Lucense rendeu homenaxe en Portomarín e Paradela ao que foi o seu Director, o musicólogo Xesús Mato, entregándolle a súa Insignia de Ouro.

A homenaxe comezou na igrexa parroquial de Portomarín, ás 12,30 da mañán, onde Xesús Mato, xunto co párroco portomarínense, Antonio LópezVázquez, oficiou a misa maior que foi cantada polo Orfeón Lucense, coro oficial da Catedral de Lugo. Rematada a misa, o Coro ofreceu un recital de paxoliñas, no que actuou o violonista galego residente en Bristol, Carlos Rodríguez (neto do escritor Manuel Rodríguez



López), que interpretou unha peza da que é autor, creada arredor do tema central de

“Fuxan os Ventos”, do que Mato foi autor de música e letra.

Seguidamente, no Mesón do

Loio, en Paradela, nun xantar de irmandade ao que asistiron os alcaldes de Portomarín

(Juan Serrano) e Paradela (José Manuel Mato) e o Prefecto de música da Catedral de Lugo, Luis Castiñeira, da familia do refundador do Orfeón, o Director desta agrupación, Marcos Fernández Mosquera, impuxolle a Mato a insignia de ouro do Orfeón e os alcaldes de Paradela (concello natal de Mato) e Portomarín (concello no que reside), entregáronlle cadanseu agasallo e pronunciaron palabras de loubanza da obra e traxectoria deste senlleiro lucense que hai uns anos dirixiu ao Orfeón, e foi impulsor de Fuxan os Ventos e A Quenlla, imprescindibles para coñecer a evolución da música galega desde os anos setenta ata a actualidade.

Redacción O FARELO

Rematan os concertos de Batuko Tabanka que promoveron a interculturalidade en dez vilas

O grupo integrado por mulleres de orixe caboverdiana xirou desde o mes de xuño por concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

O grupo Batuko Tabanka, integrado por mulleres de orixe caboverdiana afincadas na Mariña lucense, pechou esta fin de semana na Coruña a xira por concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para promover a interculturalidade e a inclusión. O seu concerto complementaba a exposición fotográfica 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade', realizada polo fotoxornalista Rober Amado no país lusófono como gañador da primeira edición do certame Imaxes con Fondo. Riveira, Cambados, Moaña, Nigrán, Ames, Oleiros,

Bergondo, Barro e Carballo son os outros nove municipios que acolleron esta actividade de sensibilización.

A emigración, a identidade ou a situación da muller son algunhas das cuestións que centran os temas de Batuko Tabanka, que tamén ofrece unha charla introdutoria na súa actuación. A agrupación reivindica a música tradicional de Cabo Verde ao tempo que difunde a súa cultura entre a sociedade galega, visibilizándoa e favorecendo actitudes de respecto cara a poboación migrante. Así o fan mentres baten con forza e alegría

sobre un pano pregado que colocan entre as pernas, o batuko, e mesmo saíndo a bailar nalgúnhas cancións.

Dar a coñecer un país co que tradicionalmente ten cooperado o Fondo Galego é tamén o obxectivo da exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'. O reporteiro ferrolán Rober Amado, colaborador de diversos medios e galardoado tamén co premio Tiflos da ONCE, pasou un mes visitando boa parte dos proxectos alí apoiados, coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos como parceiro local. Froito do seu percorrido por media

ducia de illas son as imaxes protagonizadas polas persoas beneficiarias destas intervencións, retratos da vida cotiá que en conxunto achegan ao espectador á realidade do arquipélago.

Desde 2002, o Fondo Galego cofinanciou no país lusófono máis de 30 proxectos de cooperación en materia de xénero, educación, vivenda ou infraestruturas. A exposición fotográfica estreouse a finais de 2013 coincidindo coa conmemoración da Irmandade Galicia-Cabo Verde, que se concretou na visita dunha delegación caboverdiana.

Este poema foi axeitado adrede e lido polo autor en Salvaterra de Miño na homenaxe da Sociedade Cultural e Desportiva do Condado a Manolo Soto no 8 de febreiro de 2014.

Unha garrafa de Muralhas, dúas Sagres e un maço de tabaco preto

A Manolo Soto

A presión atmosférica baixa debuxa estranas formas co fume do tabaco.

Nesta terza feira fumei deseguido.

Chegara a noite cando crucei a Monção. O único local aberto –naquela hora– era unha loja de ultramarinos. Os cartos dábanme para cinco garrafas de cervexa ou para tres garrafas de vinho verde tinto e unha caixa pequena de bombóns ou para unha botella de ron barato e un rolo de papel de cociña.

É asím. O comercio pónme dos nervos. Esa estratexia dos trinqués ateigados provoca comportamentos irracionais. É o triunfo –pola calada– do capitalismo. Mercas porque si, porque están alí as cousas, todas esas cousas que non precisas.

No outro día, á noite, saín da tenda de vinte e catro horas cunha garrafa de Muralhas, dúas Sagres e un maço de tabaco preto.

Logo sentei nunhas escadas de pedra, contra o río, ben afastado do Mira España, –á fronte: as murallas de Salvaterra; atrás: o João Verde: *vendo-os assim tão per-tinho*–, e abrín unha das cervexas co meu isqueiro metálico.

GZ Livre. Iso pon no meu isqueiro metálico.

Pasaron cara á ponte dous carros, tres, e mais unha vella carrinha Bedford daquelas da cor do café con leite.



Entón, apareceu como fume de tabaco.

Que tal, rapás –dixo.

Pois ben, non sei, supoño. Sentou comigo, dous banzos máis abaixo. Bebimos das cervexas de seguido e tamén acendimos dous pitos. *Galiza Livre*, dixo, ou sentenciou, co meu isqueiro na man. Atragoei co tabaco e el ríu, de esguello.

O seu chapeu agacháballes os ollos.

Na camisa –aberta– unha estrela vermelha.

Volvíñ tusir. *A vida sabe-me a tabaco louro*, recitei de Pessoa ou de quen quer que fora, sen saber ben o que dicir.

*A poesía, sempre,
sempre e máis dispois*

–dixo el. Ou quixen –eu– escoitar. E coido que sorrimos.

Chegaba devagar o murmurio canso do río.

Cando rematou a súa cervexa

ergueuse

dílle a garrafa de Muralhas

e marchou

polo carreiro que leva onda o senhor Copita.

Fumei tres pitos máis prendendo cada un deles ao rematar o anterior. A cervexa queceu. Aínda aproveitei un derradeiro grolo e mareeime e vomitei rabioso nas escadeiras aquelas de pedra coma quen vomita versos malditos na última quenda do Festival da Poesía do Condado.

tima quenda do Festival da Poesía do Condado.

Botei a faltar o rolo de papel de cociña da loja de ultramarinos.

A poesía, será pois que é; a poesía, repetín atrás da pegada do home do chapeu, do home do sorriso silandeiro, do home da estrela vermelha, do home da camisa aberta, aparecido e desaparecido como as estranas formas que debuxa o fume do tabaco.

A poesía, insistín aínda, teimudo, esvaecéndome, cando xa me apañou o frío da noite.

Xa no regreso da República, no carro, cruzando a ponte, mareando ao pai Minho, lembrei a Manuel Antonio aos anacos:

“Veu n-o vento unha voce / [...] Dispois / calou / Si-gueu no vento”.

Kiko Neves

Miscelánea

Redacción O FARELO

Javier Martín celebra un encontro co público no Atelier Manolo Cremallera

Con esta cita, que terá lugar este venres 16 de decembro ás 20:30 horas, o artista remata a súa Residencia Técnica no Teatro Colón, coa que desenrolou o proxecto “Exforma”

Tras o seu paso pola Residencia Técnica de Investigación no Teatro Colón, o artista coruñés Javier Martín propón este vindeiro venres 16 de decembro un encontro co público no Atelier Manolo Cremallera de Torreiro, como parte do proxecto de desenrolo da súa creación “Exforma”.

O Atelier de Manolo Cremallera é un lugar de referencia en creación de moda nova en pel. Os últimos traballos de vestiario do performer Javier Martón, quen

disfrutou dunha audaz e extensa residencia de investigación no teatro, foron concevidos e xenerados no taller que Manolo e Marieta rexentan na céntrica rúa Torreiro.

Con motivo da recente presentación da coreografía “La Exforma” de Javier na cidade, propónse unha cita co público no Atelier para charlar sobre artes escénicas e visionar o vídeo que recolle a peza de danza, dando lugar á crítica aberta, á reflexión común acerca do proceso de creación e das dinámicas da residencia.



■ Os nenos e nenas da Guarda decoraron a árbore de Nadal da Biblioteca Municipal



O Mercado de Tomiño acolle unha exposición de postais de Nadal

Desta mostra, poden contemplarse, entre outras, as tarxetas realizadas polas persoas do Grupo de Maiores, Centro de Día e Residencial Tomiño.

Dentro do programa de Nadal do Concello de Tomiño, vén de inaugurarse no Mercado Municipal (primeiro andar), a Exposición de Postais de Nadal, que permanecerá aberta até o vindeiro sábado, 7 de xaneiro.

Nesta mostra, poden contemplarse, entre outras, as tarxetas de Nadal realizadas polas persoas do Grupo de Maiores, Centro de Día e Residencial Tomiño.

Por outra banda o mércores 28, O Apalpador chega á Praza do Seixo ás 11.00h.

Tamén o mercado municipal e o espazo no que se desenvolveu, o xoves 29, de 17.00 a 19.00 horas, o obradoiro de teatro infantil “Unha coroa para os reis magos”, a cargo de Migallas Teatro.

O venres 30 de decembro chegou ao mercado, entre as 17.00 e as 18.00 horas, o meigo Zanas, co espectáculo “Máis que maxia”.

A programación continúa os días 2, 3 e 4 de xaneiro coa actividade “Nadal na Praza”. Entre as 16.00 e as 20.00 horas, a

Praza do Seixo encherase de xogos, obradoiros, inchables, coa protección dunha carpa, por se acaso chovera.

A Cabalgata de Reis será o xoves 5, con saída dende o Campo do Alivio ás 16.30 horas e percorrido até a Praza do Seixo. Nela terá lugar a recepción dos nenos e nenas por parte dos Reis; entrega de agasallos e reparto de papeletas para o sorteo dunha bici, tablet, patins, drons, etc.

O sábado 7 de xaneiro, a programación continúa con “O mundo máxico de Pinocho”. A función, a cargo de Educa Teatro, será no Auditorio de Goián, ás 18.00 horas, con entrada de balde para nenos e nenas e de 3 euros para adultos.

Pechará o programa outra obra de teatro infantil-musical, “Vaioviravai - As andanzas de Paio”. Tamén no auditorio, ás 18.00 horas. Coma na anterior actividade, a entrada será de balde para nenos e nenas e de 3 euros para as persoas adultas.

Cristina Martínez, concelleira de Cultura, informa que este Nadal terá coma mascota, un teixugo, un animalíño habitante dos nosos bosques que destaca polo seu tesón e perseveranza e que é símbolo da unión coa terra e a chegada do Nadal.

Últimas proxeccións da Semana de Cine de Lugo

Dentro da celebración da XXXVIII SEMANA DE CINE DE LUGO ofrecéronse con entrada libre aos lucenses no decurso do 14 e 15 de decembro, Foron as películas Relevos (55 min.), do ciclo Aspnaís (Deputación Provincial); La Mujer Descalza (78 min.) do ciclo A Muller

protagonista (Mihl), e Una Pastelería en Tokio (113 min.), do ciclo Y para comer, Lugo (Biblioteca Provincial).

As proxeccións tiveron lugar no salón da Deputación Provincial. O día 14 proxectouse relevos e La Mujer Descalza, e o día 15, Una Pastelería en Tokio.

Humor



■ JBosco - Brasil



■ Marlene Pohle - Argentina

Por un 2017 diferente!

O humor, ao ser arriscado e non ter fronteiras no país da imaxinación, é capaz de abordar creativamente, coas súas armas desacralizadoras, calquera tema da vida social.

Non existen valores "sagrados" que non poidan ser examinados co prisma do humor.

Agora, polas festividades do Ano Novo, os caricaturistas ofrécennos unha visión particular sobre este acontecemento, que debe provocar unha reflexión no medio do caos, egoísmo, ambición, insolidariedade e guerras, que caracterizan ao planeta onde vivimos.


Unha data como esta, é para moitos artistas, un mero pretexto para referirse a temas da natureza humana, ou a asuntos de candente actualidade, que afectan a millóns de persoas neste mundo convulso, sempre co prisma do humor ou a sátira.

Soaamente quedanos por dicir: Que o humor non falte no 2017!

Saúde e benestar para todos os nosos lectores, que a corrupción sexa denunciada en todas as súas manifestacións, e que predomine a paz no mundo!

Redacción de O Farelo

MISIÓN ESPACIAL GALEGA




Non deixemos nunca de ser como somos

FELIZ 2017

Vivamos como galegos!

GADIS

Humor



■ Cebula - Polonia



■ Hermanager Producións



■ Hermanager Producións



■ Mauricio Parra - Colombia



■ Omar Perez - Galicia



■ Guy Badeaux - Canada



■ Fernandes - Brasil



■ Ortifus - Espana